

(derogado polo regulamento de profesorado aprobado polo Claustro Universitario o 24 de xullo de 2012)

REGULAMENTO DE PROFESORADO

Universidade de Vigo

Aprobado no Claustro do 14 de xuño de 2005

SECCIÓN PRIMEIRA

DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Artigo 1

O persoal docente e investigador da Universidade de Vigo está constituído por:

- a) Funcionariado docente dos corpos nacionais de catedráticos/as e de profesorado titular de universidade e de escola universitaria.
- b) Persoal docente contratado en réxime laboral: axudantes, profesorado axudante doutor, profesorado colaborador, profesorado contratado doutor, profesorado asociado, profesorado visitante, profesorado emérito e as demais categorías que se establezan con carácter xeral.
- c) Persoal investigador contratado: doutores/as seleccionados mediante convocatoria pública.
- d) Persoal docente, investigador, técnico ou outro persoal que a Universidade de Vigo poida contratar por obra ou servizo.

Artigo 2

1. A Universidade de Vigo poderá cubrir con carácter interino as prazas que correspondan aos corpos docentes universitarios, así como as prazas de persoal contratado fixo ou temporal en tanto se produce a súa cobertura definitiva polo procedemento legalmente establecido.
2. Por circunstancias sobrevidas, de carácter extraordinario ou suspensión temporal da actividade dun profesor, poderase acordar a incorporación por trámite de urxencia de persoal interino de substitución, conforme ao procedemento que se estableza ao respecto na normativa correspondente.

SECCIÓN SEGUNDA

DOS CADROS DE PROFESORADO

Artigo 3

1. A Universidade de Vigo levará a cabo a elaboración e actualización, en cada curso académico, dos cadros de profesorado por áreas de coñecemento e por campus.
2. Para a elaboración e actualización dos cadros de profesorado terase en conta:
 - a) A docencia que as áreas teñan asignadas nas titulacións oficiais impartidas na Universidade.

- b) A docencia nos programas oficiais de posgrao que organice a Universidade de Vigo.
 - c) As exencións ou reducións que lle poidan corresponder ao seu profesorado segundo se estableza nas normas de organización docente que aprobe o Consello de Goberno.
3. Na cuantificación da docencia que se imparte en cada titulación terase e conta o número de grupos existentes, procurando que os grupos docentes de teoría e de práctica teñan un tamaño que facilite a aprendizaxe dos estudantes.
 4. O total de persoal docente e investigador contratado polas áreas de coñecemento non poderá superar o 49% do total de persoal docente e investigador. Para os efectos da devandita porcentaxe non será tomado en consideración o número de prazas de profesores asociados que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias.

SECCIÓN TERCEIRA

DO PERSOAL DOCENTE CONTRATADO

Artigo 4

1. A universidade poderá contratar a tempo completo, por unha duración non superior a catro anos improrrogables, profesorado axudante entre os que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente.
2. A actividade dos axudantes estará orientada a completar a súa formación científica e incluírá a colaboración nas tarefas docentes dos departamentos aos que pertencen, sempre que esta colaboración non supoña unha carga que diminúa ou impida o desenvolvemento dos labores de investigación e formación.
3. O profesorado axudante colaborará fundamentalmente na docencia práctica. A súa dedicación máxima á docencia será a metade da que lle corresponda a un profesor a tempo completo, e deberá figurar nos plans de organización docente dos departamentos correspondentes.

Artigo 5

1. A universidade poderá contratar a tempo completo, por unha duración non superior a catro anos improrrogables, profesorado axudante doutor entre doutores/as que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente.
2. A contratación de profesorado axudante doutor esixirá a avaliación previa positiva da súa actividade por parte da Axencia Galega para a Calidade do Sistema

Universitario de Galicia, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, ou de calquera outro órgano de avaliación que as leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista convenio ou concerto coa Comunidade Autónoma galega.

3. O profesorado axudante doutor terá unha dedicación á docencia igual á do profesorado a tempo completo e figurará nos plans de organización docente dos departamentos correspondentes.

Artigo 6

Nas áreas de coñecemento que o goberno estableza, a Universidade de Vigo poderá contratar, mediante concurso-oposición, profesorado colaborador en réxime de dedicación a tempo completo ou a tempo parcial entre titulados/as universitarios avaliados positivamente nos termos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 7

1. A Universidade de Vigo poderá contratar, mediante concurso de acceso, profesorado contratado doutor entre doutores/as que acrediten polo menos tres anos de actividade docente e investigadora, ou prioritariamente investigadora, posdoutoral.
2. A contratación de profesorado contratado doutor esixirá a avaliación previa positiva da dita actividade por parte da Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, ou de calquera outro órgano de avaliación que as leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista convenio ou concerto coa comunidade autónoma de Galicia.
3. O profesorado contratado doutor poderá desenvolver as súas tarefas docentes e investigadoras con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial. O profesorado contratado doutor a tempo completo poderá ser contratado con carácter fixo pola universidade.
4. O profesorado contratado doutor terá os mesmos dereitos e obrigas que o profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios, agás os que a lexislación vixente reserva a estes últimos.

Artigo 8

1. A Universidade de Vigo poderá contratar, a tempo parcial, profesorado asociado entre especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra da universidade.

2. O profesorado asociado será contratado con carácter temporal por un período máximo de dous anos, sendo posible a súa continuidade, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación respecto ao réxime laboral e da Seguridade Social e na restante normativa que sexa de aplicación.
3. Nas áreas relacionadas coas ciencias da saúde, aplicarase a duración dos contratos do profesorado asociado prevista polos correspondentes concertos entre a universidade e as institucións sanitarias correspondentes.

Artigo 9

1. A Universidade de Vigo poderá contratar por un período máximo de dous anos, improrrogables, e con dedicación a tempo completo ou parcial, profesorado visitante, entre profesores/as ou investigadores/as de recoñecido prestixio doutras universidades ou centros de investigación, para desenvolveren actividades docentes e investigadoras.
2. A contratación do profesorado visitante será acordada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo por proposta dun departamento, acompañada dun informe sobre a actividade e méritos do profesor(a).

Artigo 10

1. O profesorado axudante, o profesorado axudante doutor e o profesorado asociado terán a remuneración establecida na lexislación vixente e de acordo co establecido no convenio colectivo.
2. A remuneración do profesorado contratado doutor, profesorado colaborador e profesorado visitante será determinada pola universidade, e estará comprendida dentro dos límites fixados na lexislación vixente e de acordo co establecido no convenio colectivo.

Artigo 11

1. A Universidade de Vigo poderá contratar en réxime laboral profesorado emérito entre aqueles funcionarios/as xubilados dos corpos docentes universitarios que prestasen destacados servizos docentes e investigadores á universidade.
2. A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta dun departamento.
3. O profesorado emérito estará vinculado á universidade por medio dunha relación contractual de dous anos de duración, anovables por outros dous. Excepcionalmente

e nos termos que estableza o Consello de Goberno, o período de contratación podería anovarse ata un total global de dez anos.

4. O profesorado emérito terá dereito a unha retribución que, sumada á súa pensión de xubilación, non poderá exceder da retribución anual correspondente a un catedrático/a de universidade en réxime de dedicación a tempo completo con dez trienios de antigüidade e os límites máximos do compoñente do complemento específico por méritos docentes e do complemento de produtividade.
5. O O profesorado emérito terá dereito a colaborar coa universidade na dirección das tarefas de investigación e na docencia correspondente a programas de posgrao e de doutoramento.

Artigo 12

A Universidade de Vigo poderá contratar temporalmente en réxime laboral lectores/as nos departamentos correspondentes ás áreas de coñecemento das linguas modernas e estranxeiras. As súas condicións contractuais serán fixadas no convenio colectivo.

Artigo 13

A Universidade de Vigo poderá contratar profesorado interino:

- a) Para cubrir as prazas que correspondan aos corpos docentes universitarios, así como as prazas de persoal contratado fixo ou temporal en tanto se produce a súa cobertura definitiva polo procedemento legalmente establecido.
- b) Por circunstancias sobrevidas, de carácter extraordinario ou suspensión temporal da actividade dun profesor(a).

SECCIÓN CUARTA

DAS PRAZAS DE PROFESORADO E DOS SEUS CONCURSOS

Artigo 14

1. O profesorado universitario funcionario pertencente aos corpos docentes nacionais de catedráticos/as e de profesorado titular de universidade e escola universitaria será seleccionado por iniciativa da Universidade de Vigo mediante concurso de acceso convocado polo reitor, tras a aprobación do Consello de Goberno, e terá a condición de funcionario adscrito a ela para os efectos da súa relación de servizo.
2. A universidade comunicará á secretaría xeral do Consello de Coordinación Universitaria, nos prazos establecidos, as prazas que, en atención ás súas

necesidades docentes e investigadoras, teñan que ser provistas mediante concurso de acceso entre habilitados/as.

3. A denominación das prazas para prover mediante concurso de acceso entre habilitados/as será necesariamente a dalgunha das áreas de coñecemento que figuran no correspondente catálogo oficial con indicación do corpo que corresponda.
4. As comisións de selección dos concursos de acceso entre habilitados/as serán aprobadas polo Consello de Goberno por proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento ou, no seu defecto, de áreas afíns e de categoría igual ou superior á praza obxecto do concurso.
5. O Consello de Goberno da Universidade de Vigo regulará o procedemento para a convocatoria dos concursos aos que fai referencia o punto 1 do presente artigo mediante unha normativa reguladora dos concursos de acceso entre habilitados/as.

Artigo 15

1. A contratación do persoal docente e investigador, a excepción do profesorado emérito e visitante, farase mediante concursos públicos, que se anunciarán oportunamente.
2. Os concursos para a contratación de persoal docente e investigador resolveranse respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade. Estar habilitado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos de funcionarios/as docentes considerarase mérito preferente nos concursos de profesorado contratado.

Artigo 16

1. A universidade fará as convocatorias de selección do persoal docente contratado sempre que as prazas estean dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos, dándolle a necesaria publicidade e comunicándolla con suficiente antelación para a súa difusión ao Consello de Coordinación Universitaria e ao Consello Galego de Universidades.
2. As comisións de selección do persoal docente contratado da Universidade de Vigo serán aprobadas polo Consello de Goberno por proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento ou, no seu defecto, de áreas afíns e de categoría igual ou superior á praza obxecto do concurso.
3. O Consello de Goberno da Universidade de Vigo regulará os concursos aos que fai referencia o punto 1 do presente artigo mediante unha normativa reguladora dos concursos para a provisión de prazas de persoal docente contratado.

4. A dita normativa incluírá o procedemento para a cobertura de docencia vacante por trámite de urxencia.

SECCIÓN QUINTA

DA CARREIRA ACADÉMICA

Artigo 17

1. Por necesidades docentes, a Universidade de Vigo convocará anualmente oferta de novas prazas de profesorado, utilizando as figuras establecidas na lexislación vixente. Se as áreas dispoñen dun déficit entre a capacidade docente básica e a carga docente básica igual ou superior á dedicación dun profesor(a) a tempo completo, os departamentos correspondentes poderán solicitar a convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor, profesorado contratado doutor ou de persoal funcionario dos corpos docentes universitarios.
2. Por pedimento do interesado/a, o profesorado axudante doutor e contratado doutor, que cumpra os requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá solicitar a transformación da súa praza a unha praza de titular de universidade e a convocatoria do correspondente concurso. A praza será ocupada interinamente ata a resolución do dito concurso.
3. O profesorado axudante doutor que, antes do remate do seu contrato, reúna os requisitos legalmente establecidos para ser contratado como profesor(a) contratado doutor poderá solicitar a transformación da praza que ocupa nunha praza desta última categoría pasando a desempeñala interinamente.
4. Por pedimento do profesor(a) titular de escola universitaria que obteña o título de doutor(a) e cumpra os requisitos establecidos na lexislación vixente para acceder ao corpo de profesorado titular de universidade, o departamento correspondente solicitará a convocatoria dunha praza de profesor(a) titular de universidade.

SECCIÓN SEXTA

DOS PROGRAMAS ESPECIAIS DE PROMOCIÓN

Artigo 18

1. Para facilitar a carreira académica do persoal docente e investigador, a universidade realizará anualmente unha oferta de novas prazas:

- a) de promoción dentro dos corpos de profesorado funcionario.
 - b) de persoal funcionario e contratado doutor, que poderán ser cubertas interinamente polo profesorado e investigadores/as doutores a tempo completo que presten servizo na universidade.
 - c) de axudante doutor, que serán resoltas por concurso público.
2. O Consello de Goberno, en función das dispoñibilidades orzamentarias da propia institución e da existencia de programas e incentivos a nivel estatal e autonómico, fixará as condicións para a creación das prazas ás que se fai referencia no artigo anterior. O Consello de Goberno, tendo en conta méritos docentes e investigadores e de xestión, e atendendo a criterios de diversidade, determinará a asignación das prazas aos departamentos.
 3. O Consello de Goberno fixará as condicións de saída a concurso das prazas de profesorado funcionario.
 4. A saída efectiva dos concursos ás prazas de profesorado contratado laboral será realizada polo Consello de Goberno tendo en conta o establecido no convenio colectivo.

SECCIÓN SÉTIMA

DOS DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Artigo 19

Son dereitos do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, ademais dos que lle recoñecen as leis e os Estatutos da Universidade de Vigo, os seguintes:

- a) A liberdade académica que se manifesta nas liberdades de cátedra e investigación, segundo se recolle no artigo 5 dos Estatutos.
- b) A formación permanente, coa finalidade de garantir unha mellora da súa capacidade docente e investigadora.
- c) A participación nas iniciativas de control de calidade da docencia e investigación da Universidade de Vigo.
- d) A disposición dunhas condicións laborais, salariais e de traballo dignas, dos recursos económicos, materiais e humanos necesarios que lles permitan ofrecer unha formación científica, profesional, cultural, técnica, investigadora e crítica de calidade.
- e) Os que lle recoñeza este regulamento e as disposicións que o desenvolvan.

Artigo 20

Son deberes do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, ademais dos previstos nas normas xerais e noutras disposicións dos Estatutos da Universidade de Vigo, os seguintes:

- a) A actualización e anovación dos seus coñecementos científicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica.
- b) O cumprimento das tarefas docentes e investigadoras e doutras obrigas académicas que lle correspondan, con suxeición aos procedementos de avaliación e control da súa actividade académica.
- c) A asunción das responsabilidades que comporten os cargos para os que sexan elixidos ou designados.
- d) O cumprimento das normas contidas neste regulamento e nas disposicións que o desenvolvan.

Artigo 21

O profesorado da Universidade de Vigo ten plena capacidade docente. Os doutores/as da Universidade de Vigo teñen plena capacidade investigadora. A Universidade de Vigo ten a obriga de lles facilitar medios e recursos aos seus membros que non sexan doutores para conseguir a plena capacidade investigadora.

Artigo 22

A xornada laboral e as obrigas docentes do profesorado funcionario serán as que se establezan no decreto do profesorado funcionario. No caso do profesorado contratado serán as que se fixen no convenio colectivo.

Artigo 23

1. A dedicación do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, tanto do pertencente aos corpos docentes como do persoal docente contratado en réxime laboral, será normalmente a tempo completo, agás no caso do profesorado axudante, profesorado axudante doutor e profesorado asociado, que será a establecida na lexislación vixente. Por pedimento do interesado/a, poderán acollerse ao réxime de dedicación a tempo parcial. En calquera caso, a universidade primará a dedicación a tempo completo.
2. O cambio dunha dedicación parcial a total correspondente ao persoal docente ao que se fai referencia no punto anterior, será solicitada polo interesado/a a través do seu departamento ao Consello de Goberno, que a autorizará sempre que a carga lectiva do novo curso o permita.

3. Como norma xeral, calquera cambio de dedicación deberá solicitarse no momento da elaboración do plan de organización docente e, de se conceder, terá efectos a partir do inicio do curso seguinte. Excepcionalmente, e para atender necesidades urxentes da universidade, poderá concederse o cambio de dedicación en calquera momento do curso.
4. O réxime de dedicación a tempo completo será condición necesaria para a asignación dos conceptos retributivos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 24

O Consello de Goberno regulará os permisos e licenzas aos que fai referencia o artigo 85 dos Estatutos nunha normativa reguladora de permisos e licenzas do persoal docente e investigador.

Artigo 25

Para facilitar o acceso ao ano sabático do seu profesorado con dedicación a tempo completo, a Universidade de Vigo fará previsión no seu orzamento dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito, sempre que se cumpran os requisitos que, a tal efecto, sexan establecidos polo Consello de Goberno.

Artigo 26

1. En circunstancias excepcionais, o reitor poderá conceder unha comisión de servizo por un curso académico aos profesores funcionarios con máis de tres anos de antigüidade na Universidade de Vigo, e un, alomenos, na súa praza, que a soliciten co informe favorable do consello de departamento correspondente e do Consello de Goberno. De persistiren as circunstancias que fixeron posible a súa concesión, a comisión de servizo poderá ser anovada por outro curso académico soamente.
2. As retribucións do profesorado en situación de comisión de servizo correrán a cargo da institución que os recibe.

Artigo 27

1. A xubilación do funcionariado dos corpos docentes universitarios terá lugar de acordo coas previsións da Lei 30/1984 de medidas para a reforma da función pública, na redacción dada pola Lei 27/1994.

2. A xubilación do persoal docente contratado en réxime laboral regularase nos termos establecidos no convenio colectivo, con suxeición á lexislación específica nesta materia.
3. Co fin de facilitar a anovación do profesorado e no marco da lexislación vixente, o Consello de Goberno aprobará unha normativa sobre medidas facilitadoras para a xubilación voluntaria do profesorado.

Artigo 28

1. O profesorado da Universidade de Vigo, calquera que sexa a súa dedicación e de acordo coa normativa vixente, poderá celebrar contratos con entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas, para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.
2. Tamén poderá participar en cursos de especialización ou actividades de formación organizados pola mesma Universidade de Vigo ou por outras entidades ou persoas, podendo percibir unha compensación especial polas ditas actividades, todo segundo o disposto nas normas básicas establecidas na lexislación vixente.
3. O profesorado que participe nas actividades anteriores organizadas por entidades ou persoas distintas da Universidade de Vigo deberá obter a autorización correspondente do reitor, sen prexuízo do que estableza a Lei de incompatibilidades das administracións públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os concursos de acceso entre habilitados/as aos que se refire o artigo 14.5 regularase pola normativa de concurso de acceso entre habilitados/as aprobada polo Consello de Goberno o 11 de maio de 2004.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

Do plan de estabilidade e promoción de PDI a tempo completo anterior á aprobación dos Estatutos e que siga vinculado á Universidade de Vigo

1. O profesorado propio PP2 poderá manterse no seu emprego como máximo ata o 30 de setembro de 2008 nas mesmas condicións e prazos que na actualidade.
A partir desa data (ou cando remate o seu contrato como PP2), a Universidade transformará os seus contratos en contratos de profesorado contratado doutor,

sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos para o acceso a esa categoría.

Para facer efectiva a transformación, a universidade creará e incluírá na RPT unha praza de profesor(a) contratado doutor, que pasará a ser ocupada interinamente polo profesor(a) correspondente ata que se produza a súa cobertura definitiva. Nos prazos e condicións que estableza o convenio colectivo, a praza creada sairá a concurso.

O profesorado afectado poderá solicitar que a praza correspondente saia a concurso antes de que se esgoten os prazos anteriores.

2. O profesorado PP2 que o desexa e que antes de setembro de 2008 cumpra os requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá solicitar a transformación da súa praza á categoría de profesorado contratado doutor, pasando a desempeñala con carácter interino. Así mesmo, poderá solicitar a saída a concurso da praza ocupada interinamente antes de que se cumpra o prazo máximo establecido no convenio colectivo.
3. O profesorado PP2 que cumpra os requisitos legalmente establecidos para a figura de profesorado axudante doutor poderá solicitar a súa transformación a esta figura. A Universidade creará e incluírá na RPT a praza correspondente para facer efectiva a transformación. Unha vez realizada a transformación poderá permanecer nesa praza por un período máximo de 4 anos.
No momento en que o profesor(a) cumpra os requisitos esixidos, poderá solicitar que se cree na RPT unha praza de profesorado contratado doutor (por amortización da praza de profesorado axudante doutor) e seguírse a tramitación fixada no apartado 1.
4. Os mecanismos de transformación para o profesorado titular interino de universidade ou de escola universitaria, axudante doutor (LRU) e asociado a tempo completo (T3TC) serán os mesmos que os establecidos para o profesorado PP2.
5. Mentres que non se asine o correspondente convenio colectivo, o Consello de Goberno aprobará unha normativa provisional reguladora dos concursos para a cobertura definitiva das prazas correspondentes.
6. O profesorado visitante a tempo completo, que preste servizos na Universidade de Vigo desde antes da entrada en vigor dos Estatutos, poderá ser contratado como profesorado visitante ata o 30 de setembro de 2008. Aqueles/as que cumpran os requisitos legalmente establecidos para iso, poderán solicitar antes do 30 de setembro de 2008 a saída a concurso dunha praza de profesorado axudante doutor ou de profesorado contratado doutor. O acto da convocatoria supón a creación da praza e a súa inclusión na RPT.
No momento da resolución do concurso procederase á rescisión do contrato de visitante.
No caso de optar pola praza de profesorado axudante doutor e obtela, o profesor(a) poderá permanecer nesa praza por un período máximo de 4 anos. No momento en

que o profesor(a) cumpra os requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá solicitar que se cree na RPT unha praza de profesorado contratado doutor (por amortización da praza de profesorado axudante doutor) e seguirase a tramitación fixada no apartado 1.

Alternativamente, se cumpren os requisitos establecidos na lexislación vixente para acceder ao corpo de profesorado titular de universidade, poderán solicitar antes do 30 de setembro de 2008 a saída a concurso dunha praza de profesorado titular de universidade. No momento da resolución do concurso procederase á rescisión do contrato de visitante.

Este artigo será tamén de aplicación para todo o persoal docente e investigador doutor que preste servizos na Universidade de Vigo, que cumpra os requisitos legalmente establecidos e que tivo, antes da entrada en vigor dos Estatutos, a mesma vinculación contractual coa universidade que a establecida no parágrafo primeiro deste punto 6.

7. Os contratados/as Ramón y Cajal e Parga Pondal que prestaran servizos na Universidade de Vigo antes da entrada en vigor dos Estatutos, que estean no último ano de contrato e que cumpran os requisitos esixidos para iso, poderán solicitar a saída a concurso dunha praza de profesorado contratado doutor. O acto da convocatoria supón a creación da praza e a súa inclusión na RPT.

Se no momento da finalización do contrato aínda non estivese resolto o concurso, pasará a ocupar interinamente a praza correspondente.

8. Dentro dos programas de promoción que figuran no artigo 18 deste regulamento e ata setembro de 2008, a universidade, en función das súas disponibilidades orzamentarias, realizará unha convocatoria anual na que poderá participar o profesorado asociado que acredite unha dedicación continuada a tempo completo a labores docentes e investigadores na Universidade de Vigo desde antes da entrada en vigor dos Estatutos e que cumpran os requisitos establecidos na lexislación vixente.

Segunda

Ata o curso 2007-2008 garantirase que a anovación dos contratos de persoal docente e investigador a tempo completo da Universidade de Vigo non supoña perda salarial ningunha, nin das tarefas docentes e investigadoras.

Terceira

O profesorado propio PP1 manterase no seu emprego como máximo ata o 30 de setembro de 2008 nas mesmas condicións e prazos previstos no anterior regulamento de profesorado.

Cuarta

1. Mentres que non se modifique a lexislación relativa ás obrigas do profesorado dos corpos docentes universitarios, o número de horas de dedicación á docencia e ás titorías destes profesores será o establecido ata a aprobación do presente regulamento.
2. Mentres non se asine o convenio colectivo do profesorado contratado, o número de horas de dedicación á docencia e ás titorías destes profesores será o establecido ata a aprobación do presente regulamento.
3. En tanto que non se modifique a situación actual, as exencións ou reducións de docencia por cargos académicos serán as mesmas que se viñan aplicando ata a aprobación do presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entra en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Claustro e derroga calquera outro acordo ou disposición de igual ou inferior rango que se opoña a el.